

Manifesto do Día Internacional contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas (26 de xuño 2024)

Conmemoramos hoxe unha nova edición do Día Internacional contra a Droga. Unha data singular para reflexionar sobre un problema que nos afecta a todos. E facémolo nun momento de especial gravidade, percibindo que nas nosas rúas hai máis droga que nunca, máis violencia e con todo menos medios para combater o narcotráfico, para facer prevención e para tratar a quen sofre en primeira persoa o drama das adiccións.

O problema mundial das drogas presenta un desafío que afecta as vidas de millóns de persoas. O peor é que detrás das estatísticas, dos números, hai persoas. Persoas que loitan contra a súa adicción e comunidades que afrontan as consecuencias do tráfico de drogas e o crime organizado. O impacto das drogas é complexo e de gran alcance, comprometendo seriamente a nosa saúde, a nosa seguridade e o benestar de toda a comunidade.

A campaña do Día Mundial das Drogas deste ano é un chamamento para crear conciencia sobre un problema que nos afecta a todos e ante o que temos que reaccionar política e socialmente. “A evidencia é clara: debemos investir en Prevención” é o lema que para este ano propón Nacións Unidas para subliñar a aposta pola prevención baseada na ciencia, como estratexia fundamental para a saúde e o benestar da comunidade.

Temos moito traballo por facer neste ámbito, entre outras razóns porque existe unha percepción moi baixa do risco que supón o consumo de determinadas substancias e as súas graves repercusións sobre a saúde física e mental das persoas, con danos que poden ser moi severos. É o caso do alcol e o cánnabis, entre outras substancias e especialmente nos contextos de lecer nocturno.

Debemos tamén sinalar a estreita relación que hai tempo estableceuse entre o consumo de drogas e accidentes mortais de tráfico, ou o consumo de determinadas substancias e lamentables episodios de violencia extrema.

Para agravar a situación, nos últimos anos cobraron auge as denominadas adiccións sen substancia. O xogo patolóxico xunto ao uso problemático da internet, videoxogos, móbiles e redes sociais son algunhas delas, en moitos casos estreitamente relacionadas co consumo das drogas clásicas e asociadas a comportamentos perigosos como situacións de acoso escolar, violencia e abuso sexual, entre outros.

En definitiva, estamos ante unha complexa situación fronte a que convén reaccionar canto antes con decisión e medidas concretas. A primeira é a que propón a ONU: investir en Prevención para desnormalizar o consumo e promover estilos de lecer que non teñan como actividade principal a inxesta masiva de alcol e outras drogas. Un traballo que debemos realizar xuntos e de forma intensa. Persoas, familias, profesionais, entidades e administracións. Todos.

Por outra banda e desde o ámbito da loita contra o narcotráfico, vemos con preocupación como a oferta de drogas segue rexistrando niveis sen precedentes, algo que sufrimos especialmente en comunidades como Galicia, un dos destinos favoritos para a chegada de cocaína con destino a media Europa.

No caso galego en particular, durante o último ano hai tres acontecementos que ilustran a gravidade da situación que sufrimos: o achado dun novo submarino que confirma a existencia dun novo método de entrada case indetectable; a desarticulación dun laboratorio para a fabricación de cocaína xa en chan galego e importantes operativos en estaleiros clandestinos que destaparon a floreciente industria de fabricación de narcolanchas, non só para consumo propio, senón tamén para organizacións que operan no Sur de España.

Todo iso sumado á extraordinaria cantidade de cocaína incautada grazas ao meritorio labor que realizan as forzas de seguridade, xuíces e fiscais comprometidos; profesionais que traballan coas mans atadas por unha lexislación que non está á altura da realidade que enfrontamos, que ofrece demasiadas facilidades a grandes e perigosos narcotraficantes.

Mentres, vemos con asombro como grandes capos da droga que entran e saen unha e outra vez do cárcere con normalidade case rutineira, reincidindo nos seus delitos e amasando fortuna. A eles engádense bandas internacionais moi perigosas que practican a violencia extrema de xeito habitual. Criminais que poñen en risco a seguridade de todos.

Este grave perigo xa está aquí, xa o estamos sufrindo. E mentres tanto a Policía, a Garda Civil ou Vixilancia Aduaneira seguen sen os medios necesarios para enfrontar este enorme desafío e sufrindo dificultades legais e operativas cada vez maiores para realizar o seu traballo. Necesítanse medios e cambios legais. De forma urxente.

Instamos os nosos gobernantes a considerar o narcotráfico e o crime organizado como asuntos da máxima prioridade. Non só estamos ante un problema de Saúde Pública; é tamén unha ameaza directa para a Seguridade do Estado. Non podemos perder máis tempo.

